

# Durão Barroso cre que a crise será “máis profunda e duradeira”

O presidente da Comisión Europea aconsella “prudencia” na aplicación de políticas económicas activas ante a coxuntura actual

## CRISE

Redacción. A CORUÑA

economia@xornaldegalicia.com

O presidente da Comisión Europea (CE), José Manuel Durão Barroso, únese ás voces que ven o final da crise máis lonxe do que parecía nun principio. Así o manifestou nunha entrevista publicada na última edición da revista Forum, dirixida polo director de Xornal de Galicia, José Luis Gómez. O xefe do Executivo europeo considerou que a “axitación financeira resultou ser máis profunda, ampla e duradeira do previsto”.

Respecto á actitude dos distintos gobernos europeos e mundiais ante a crise, Barroso aconsella “prudencia” ante os que apelan “automaticamente a políticas económicas activas na coxuntura actual”. Sen embargo, o mandatario europeo espera que unha posible desaceleración económica na



Durão Barroso nunha recente comparecencia no Parlamento Europeo

H. VILLALOBO



Unión Europea “sea menos pronunciada, xa que os nosos estabilizadores automáticos son bastante máis potentes”.

Nos últimos días a preocupación pola evolución da inflación en Europa causou diverxencias entre diversos organismos, entre

eles o Banco de España e o Fondo Monetario Internacional (FMI). O presidente da CE creë que o incremento da inflación nalgúns países europeos débese “en parte a factores externos”, pero nalgúns casos “o efecto ampliase pola falta de competitividade nos mercados interiores”, nunha clara alusión a España, que ata hai poucos meses era un dos Estados europeos cun maior nivel de

prezos. Ademais, a competitividade española vese lastrada polos incrementos nos costes laborais dun 6% no derradeiro trimestre, mentras que a productividade dos traballadores permanece estancada.

Respecto á suba da luz, Barroso propón que as políticas europeas “faciliten e apoiem o axuste económico necesario despois dun incremento do prezo do petróleo”. ■